

No país dos cegos

H. G. Wells

Tradución de Benigno Fernández Salgado



NO PAÍS DOS CEGOS (THE COUNTRY OF THE BLIND)

H.G. WELLS

A máis de trescentas millas do Chimborazo e a cen das neves do Cotopaxi, nas brañas máis bravas dos Andes do Ecuador, xace entre montañas un misterioso val alleo ó mundo dos homes, o País dos Cegos.

Hai moitos anos, cando o val estaba aberto ó mundo, os homes podían chegar ás súas tranquilas praderías a través dunha senda esvaradía de xeo cortada sobre cavorcos arrepiantes; e abofé que os homes chegaran ó outro lado, entre eles unha ou varias familias de mestizos peruanos que fuxían da cobiza e tiranía dun odiado gobernador español.

Foi daquela cando entrou en erupción o Mindobamba e se fixo noite en Quito durante dezasete días. A auga fervía en Yaguachi e os peixes baixaban mortos aboiando ata o mesmo Guayaquil; por todas as partes, ó longo das costas que caen sobre o Pacífico, producíranse barrancadas e rápidos desxeos e súbitas enchentes, e toda unha cara do curuto do vello Arauca escorregara caendo ladeira abaixo coma un trebón e separando para sempre o País dos Cegos dos pés exploradores dos homes.

Cando o mundo se estaba a abanear de forma tan terrible deuse a casualidade de que un daqueles primeiros colonos se atopaba no lado de acó das gorxas. Non tivo máis remedio que dicirlle adeus a todo e esquecerse da muller e do fillo e de todos os amigos e posesións que alá enriba deixara. Tiña que intentar comezar unha nova vida no mundo de abaixo. E comezou de novo, pero enfermo; foi ficando cego, e morreu castigado polo traballo das minas. Mais, aínda así, a historia que moitas veces contaba acabou convertida na lenda que perdura ata o día de hoxe ó longo e ancho da Cordilleira dos Andes.

Falaba da razón que o levara a aventurarse lonxe do seu lugar seguro ó que chegara cando era neno, atado sobre unha llama que os arreaba a el e a unha voluminosa saca chea de cousas. O val, dicía, tiña todo canto o corazón do home podía desexar - auga doce, pastos, e mesmo un bo clima, lombas de fértil terra escura con valados e arbustos que daban unha excelente froita, e, por un dos lados, extensos bosques colgantes de piñeiros que tornaban das avalanchas nas alturas.

Ó lonxe, aló enriba, nas outras tres bandas, inmensos promontorios escarpados de rocha verdeneira aparecían coroadas por cumes de xeo; pero a corrente do glaciar non baixaba ata eles. Fluía polas ladeiras máis alonxadas, e só de cando en vez algunhas masas de xeo enormes caían do lado do val. No val nin chovía nin nevaba, mais os mananciais que abundaban facían medrar un exuberante verde pasto, que as regas estendían a todos os recunchos do val.

A verdade é que os colonos eran felices alí. Os animais criábanse e multiplicábanse ben, e só unha cousa estragaba a súa felicidade. Mais esa soa cousa era abondo para facelos completamente desgraciados. Unha estraña doenza foise apoderando deles facendo que todos os nenos nacesen cegos -e que mesmo os algo máis grandes fosen quedando cegos. Fora para tentar buscar algún feitizo ou antídoto contra esta praga da cegueira que el baixara con fatiga, perigo e dificultade a través da gorxa que os separaba do mundo.

Naqueles días, en tales casos, os homes non pensaban en xermes nin infeccións senón en pecados. A el parecíalle que a súa aflicción fora debida á negligencia con que aqueles emigrantes sen sacerdotes se despreocuparan de erixir un santuario -un santuario fermoso, vistoso e efectista- ó se instalaren no val. El quería levar reliquias ou cousas relacionadas coa fe que fosen igualmente poderosas, obxectos sagrados ou misteriosos medallas e pregarias.

No peto levaba consigo un pequeno lingote de prata do país sobre o que non quería falar. Insistía, coa insistencia dos mentiráns inexpertos, en que no val non había prata. Como aló enriba non tiñan realmente necesidade ningunha de tales tesouros, dicía, ordenaran de xuntar todos os cartos e adornos que tiñan para compraren a axuda sagrada que precisaban contra a súa doenza.

Imaxino este xove montañeiro de ollos enfermos, queimado polo sol, abatido e ansioso, agarrando enfebrecido a aba do chapeu, un home pouco afeito ás maneiras do mundo de aquí embaixo, a contarlle esta historia a algún atento crego de ollos cobizosos xusto antes do gran cataclismo; podo figuralo agora tentando volver cos piadosos e infalibles remedios contra o problema, e co infinito desespero con que debeu afrontar a inmensidade estomballada do que noutrora fora un desfiladeiro.

En calquera caso, descoñezo totalmente o resto desta desgraciada historia, salvo a morte ruín que tivo varios anos despois. Coitado del! Tan perdido lonxe do seu mundo remoto! A corrente de auga que un día dera lugar á garganta xorde agora,

entre uns penedos, da boca dunha caverna, e a lenda empezada a partir da súa pobre e mal contada historia foise transformando co tempo na lenda que aínda hoxe se podía oír sobre unha raza de homes cegos que moraban aló, nalgún sitio perdido.

Entre a esquilmada poboación daquel val agora illado e esquecido, a doenza seguiu o seu curso. Os vellos volvéronse cegos e atoutiñantes, os novos seguían vendo algo pero pouco nido, e os nenos que nacían deixaron de ver. Mais a vida era moi fácil naquela cunca beireada de neve, perdida para todo o mundo, sen espiñas nin silveiras, sen insectos danos nin bestas, de se exceptuar a mansa raza de llamas que arrastraran con eles, costa arriba, seguindo o leito dos ríos secos dos barrancos.

Os vellos foron perdendo a vista tan pouco a pouco que apenas notaron a súa falta. Eran eles quen dirixían os cegos máis novos de acó para aló ata que, como por marabilla, acababan coñecendo o val enteiro. Por iso, cando finalmente a vista desapareceu de entre eles, a raza seguiu vivindo. Tiveron mesmo tempo para aprender a controlar o lume, que facían con coidado en lareiras de pedra. Ó principio eran un puñado de xente analfabeta levemente tocada pola civilización española, pero aínda así conservaban un certo saber da tradición das artes do vello Perú e da súa filosofía perdida.

Unha xeración seguiu a outra. Esqueceron moitas cousas e inventaron moitas outras. A tradición do mundo do que viñeran volveuse mítica nos matices e incerta. En todas as cousas salvo na vista eran fortes e capaces e, ó pouco tempo, o azar do nacemento e da herdanza agasallounos cun individuo de mente orixinal e elocuente que sabía falar e persuadir, e despois un pouco máis tarde, con outro. Morreron ambos deixando tras de si o seu legado, e a pequena comunidade medrou en número e entendemento, sendo capaz de afrontar e resolver os problemas sociais e económicos que ían xurdindo.

Unha xeración seguiu a outra. E outra a outra. E veu un tempo en que naceu un neno quince xeracións despois do devanceiro que saíra do val cun lingote de prata a procurar a axuda de Deus, sen que nunca dera regresado. Foi máis ou menos neste tempo cando sucedeu que un home do mundo exterior chegou a esta comunidade. E esta é a historia dese home.

Era un montañeiro dunha zona próxima a Quito, un home que baixara ós océanos e vira o mundo, un imaxinativo lector de libros, un home agudo e emprendedor, ó que unha partida de ingleses que chegaran ó Ecuador para escalar montañas contratara a fin de suplir un dos tres guías suízos que

enfermara. Escalara aquí e acolá, e por último chegara a hora de intentalo co Parascotopetl, o Matterhorn dos Andes, no que se perdería para o mundo de fóra.

A historia do accidente foi escrita ducias de veces. O relato de Pointer é o mellor. Conta como a pequena partida traballou con dificultade a subida case en vertical ata o mesmo pé do último e máis grande precipicio e como construíron o refuxio de noite entre a neve, sobre un saínte da rocha. Tamén conta, cun toque de verídico dramatismo, o momento en que se decataron de que Núñez desaparecera de onda eles. Berraran por el, e non houbera resposta; berraran e asubiaran, e durante o resto da noite xa non puideran durmir.

En canto se fixo de día viron o rastro da súa caída. Parecía imposible que non puidera dar un chío. Esvarara cara ó leste, cara á aba descoñecida da montaña; alá embaixo batera cunha empinada pendente de neve, e fixera un suco no medio dun alude de neve. A pista que deixara dirixíase á beira dun arrepiante precipicio. Máis alá disto todo quedaba oculto. Lonxe, aló embaixo, entre brétemas e na distancia, podíanse ver as árbores que se erguían por riba dun val estreito e cercado -o perdido País dos Cegos.

Mais eles non sabían que era o descoñecido País dos Cegos, nin o distinguían de maneira ningunha de ningunha outra estreita faixa do altiplano. Desconcertados por este desastre, abandonaron a aventura pola tarde. A Pointer chamárono a filas para a guerra antes de que puidese tentar unha nova escalada. Ata o día de hoxe o cume do Parascotopetl continúa ergueito e inexpugnable, e os restos do refuxio de Pointer seguen sen ser visitados no medio das neves.

E, non obstante, o home que caeu sobreviviu.

Ó final da costa rolara uns trescentos metros, baixando no medio dunha nube de neve por unha pendente aínda máis pronunciada cá de enriba. Chegara embaixo arremuiñado polo rolo, atordado e inconsciente, pero sen un só óso roto en todo o corpo; despois foi parar ás lombas máis suaves, e, por fin, deixou de rolar e quedou como morto, enterrado no medio da amortecedora neve branca que o acompañara e o salvara.

Volveu en si coa vaga sensación do que se atopa enfermo na cama; pero, coa intelixencia propia do montañeiro experto, non tardou en decatarse da súa situación e, tras coller un pouco de alento, traballou para librarse da neve ata que puido ver

as estrelas. Xaceu deitado sobre o peito un pedazo preguntándose onde estaría e que lle pasara. Tentou todos os seus membros, e descubriu que perdera varios botóns e que o abrigo se lle envolvera na cabeza. A navalla desaparecéralle do peto e perdera o sombreiro a pesar de que o atara por debaixo do bico. Recordou que estivera buscando pedras soltas para levantar a parte do muro do refuxio que lle correspondía. Tamén perdera o machado do xeo.

Deduciu que debera caer, e mirou para ver, axudado polo abalo da pálida luz, a tremenda parábola que fixera. Durante un momento, seguiu deitado, fitando para riba, con ollos perdidos, o vasto e pálido promontorio que se alzaba máis e máis sobre unha calma marea de tebras. A súa misteriosa e fantasmal beleza conseguiu emocionalo por un instante para deseguido deixalo atrapado nun paroxismo de risa e saloucos.

Despois dun longo intervalo de tempo, tomou consciencia de que estaba preto do lugar máis baixo a onde chegaba a neve. Un pouco máis embaixo, iluminado polo que agora era un claro luar, puido ver unha costa empinada pero practicable e a aparencia escura e rota do mofo ciscado entre as rochas. Loitou por erguerse, queixándose de cada xunta e cada membro, e, laiándose de dor, desfíxose da neve amoreada ó seu redor. Cobregueou costa a baixo ata que chegou á herba, onde se deixou caer -máis ben que deitarse- ó pé dun seixo. Bebeu con avidez do frasco que gardaba no peto interior, e ó momento adormeceu...

Espertárono os cantos dos paxaros nas árbores que se entrevían aló embaixo.

Sentou e percibiu que estaba nun pequeno monte, no fondo dun inmenso precipicio, sucado barranco abaixo pola senda que el e maila neve foran deixando ó caer. Por riba, tamén contra el, outro muro de pedra erguíase cara ó ceo.

A gorxa que se formaba entre estes precipicios corría de leste a oeste e estaba chea da luz da mañá, que alumaba para o oeste a masa de montaña derrubada que pechaba o cavorco descendente. Debaixo del parecía que había un precipicio igualmente fondo, mais detrás da neve, no barranco, atopou unha especie de fenda a modo de cheminea pola que pingaba auga de neve. Só un home desesperado se aventuraría a través dela, pero atopou que era máis doado do que parecía. Chegou por fin a outra desolada lomba, e un pouco despois, tras engatar por unha rocha de non excesiva dificultade, a unha pendente pina chea de árbores.

Tentou orientarse e virouse para o desfiladeiro, pois vía aberto alá enriba sobre unha verde pradeira, entre a que agora enxergaba con claridade un grupo de cabanas de pedra de estraña forma. Por veces, o seu progreso foi como o de escalar a cara dun muro. Despois dun tempo, o sol no seu apoxeo deixou de dar no cavorco, as voces dos paxaros a cantar fóronse apagando, o aire arrefriou, e empezou a escurecer ó seu redor.

Un pouco máis tarde chegou ó noiro, e entre as penas notou - pois era un home observador- un estraño fieito que semellaba agarrarse ás gretas con mans de intenso verde. Apañoou unha fronza ou dúas, mastigou o seu talo, e pareceulle de axuda.

Sobre do mediodía, saíu por fin da gorxa do barranco para a chaira e a luz do sol. Sentíase torpe e canso e sentou á sombra dun penedo. Encheu a cantimplora con auga nunha fonte e bebeuna, e ficou un pedazo a descansar antes de se poñer a camiñar cara ás casas.

Vía as casas estrañísimas, e, certamente, o aspecto de todo o val se volvía cada vez máis insólito e inexplicable. A maior parte da súa superficie ocupábana prados dun verde exuberante, salpicados de innumerables flores fermosas. Polo feito de seren regados con extraordinario coidado, inferíase que os seus habitantes practicaban un cultivo sistemático da terra, leira a leira.

No alto, arrodeando o val, había unha muralla, e o que parecía ser unha canle de auga circundábaa verténdoa en pequenos augueiros que alimentaban a herba dos prados. Aínda máis enriba, sobre as máis altas lombas, rabaños de llamas rapaban a escasa herbaxe.

Unhas cabanas, en aparencia refuxios ou comedeiros para llamas, esteábanse aquí e acolá contra a muralla que facía de linde. Os augueiros da rega corrían costa abaixo ata a presa principal no centro do vale. Esta canle estaba cercada por cadanseu lado dun muro da altura do peito. A canalización conferíalle a este recluído lugar unha senlleira traza urbana realzada polo feito de que varios carreiros pavimentados con pedras brancas e negras, e bordeados por unha curiosa beira, serpeaban todo o val dunha maneira ordenada.

As casas da aldea central non eran coma as aglomeracións de casas improvisadas e entangareladas das aldeas de montaña que coñecía; erguíanse nunha rea seguida a cada lado dunha rúa central de asombrosa limpeza; aquí e acolá, as súas fachadas pintadas de diversas cores aparecían furadas por unha porta,

sen que unha sinxela ventá rompese a súa uniforme fachada. Foran pintadas de maneira colorista cunha extraordinaria irregularidade, enzoufadas cunha especie de argamasa que ás veces era cincenta, ás veces parda, ás veces da cor da lousa e outras castaño escuro; foi á vista deste disparatado enlucido cando ó explorador lle veu por primeira vez á mente a palabra "cego". "O bo home que fixo isto", pensou, "debía estar máis cego ca unha toupa".

Descendeu por un lugar escarpado, e chegou á muralla e á canle que arrodeaban o val, preto de onde esta última lanzaba a auga sobrante ás profundidades do cavorco a modo de fina e ondulante fervenza. Agora era quen de albiscar varios homes e mulleres descansando sobre feixes de herba apalleirados, como se estivesen durmindo unha sesta no lugar máis apartado do prado, e máis cerca da aldea uns cantos nenos deitados, e aínda máis cerca, case á man, tres homes carretando caldeiros pendurados dun xugo por un carreiriño que ía dende o muro que arrodeaba a aldea ata as casas. Estes últimos ían vestidos con roupas de pelo de llama e levaban botas e cintos de coiro, e uns puchos de tea con orelleiras e cunha traseira que lles cubría a caluga. Ían un detrás doutro en fila india, andando amodo e bocexando mentres camiñaban. Coma se fosen homes que estivesen espertos toda a noite. Había algo tan tranquilizador, feliz e respectable no seu aspecto que, tras un momento de dúbida, Núñez adiantounos sen se esconder seguindo sobre a rocha pola que camiñaba e ceibou ó vento un berro que resoou en todo o val.

Os tres homes detivéronse e moveron a cabeza coma se estivesen mirando ó seu redor. Voltaron as súas caras a un lado e a outro, e Núñez fixo acenos con total liberdade. Mais a pesar de todos os seus xestos non parecían velo, e despois dun anaco, dirixíndose á parte dereita das distantes montañas, berraron de volta coma se respondesen. Núñez berrou de novo e, entón, unha vez máis, mentres acenaba sen efecto, a palabra "cego" reapareceu entre todos os seus pensamentos. "Os moi parvos deben ser cegos", dixo.

Cando, por último, despois de moito berrar e de encherse de rabia, Núñez cruzou a presa por un pontigo e atravesou unha porta na muralla, tivo a seguridade, mentres se achegaba a eles, de que eran cegos. Estaba seguro de que este era o País dos Cegos de que falaban as lendas e esa convicción e un sentimento de grande e envexable aventura comezaron a apoderarse del. Os tres quedaron xuntos, sen miralo, pero co oído posto nel, xulgándoo polos seus insólitos pasos.

Continuaron xuntos como se estivesen un pouco amedrentados, e puido ver as súas pálpebras pechadas e afundidas, coma se os propios globos dos ollos se repregasen por debaixo deles.

"Un home", dixo un deles, nun castelán apenas recoñecible, "é un home -un home ou un espírito- que baixou das penas".

Pero Núñez seguiu adiante cos pasos confiados do xove que comeza a vida. Todas as vellas historias do val perdido e do País dos Cegos retornaran á súa mente, e entre os seus pensamentos xurdiu, coma se fose un refrán, o vello proverbio.

"No País dos Cegos, o birollo é Rei".

"No País dos Cegos, o birollo é Rei".

E daquela, con moita educación, saudounos. Faloulles e serviuse dos seus ollos.

"De onde virá, irmán Pedro?" preguntou un deles. "Baixou das penas".

"Veño de alá de riba, das montañas", dixo Núñez, "de fóra do país, de máis alá das montañas -de onde os homes poden ver. De preto de Bogotá, de onde viven máis de cen mil almas e a cidade se perde de vista".

"De vista?", murmurou Pedro. "De vista?"

"Vén de detrás das rochas", dixo o segundo cego.

Núñez observou que a tea dos seus abrigos estaba confeccionada de maneira realmente curiosa, cada un deles cun tipo diferente de pespunte.

Non deixou de abraiarse co movemento simultáneo ó que todos procederon á vez, cada un deles estirando unha das súas mans na súa dirección. Deu un paso atrás ante o avance dos seus dedos estendidos.

"Ven acó", díxolle o terceiro cego, seguindo o seu retroceso e apreixándoo con coidado.

Agarraron a Núñez e botáronselle derriba sen pronunciar unha soa palabra ata que o apalparon ben apalpado.

"Con coidado", berrou, ó sentir un dedo nun dos seus ollos e descubrir que coidaban que un órgano así, cun pelexo que

pestanexaba, era algo verdadeiramente estraño. Volvéronlle a tocar a pálpebra.

"Unha rara criatura, Correa", dixo o chamado Pedro. "Toca a aspereza do seu cabelo. É coma o pelo dunha llama".

"E duro coma as rochas que o fundaron", dixo Correa, esculcando o queixo non rasurado de Núñez cunha man suave e levemente húmida. "Se cadra se lle fai máis fino cando medre".

Núñez, sentíndose examinado, forcexou con eles pero eles agarrárano firmemente.

"Con coidado", dixo de novo.

"Fala", dixo o terceiro home. "Seguro que é un home".

"Buf!", dixo Pedro, ante a aspereza do seu abrigo.

"Así que viñeches para este mundo?", preguntou Pedro.

"Veño de fóra do voso mundo. De máis alá das montañas e glaciares, xusto de aló por riba, a medio camiño do sol. Veño do gran mundo ó que hai que baixar durante doce días de camiño para o mar.

Non semellaban facerlle moito caso. "Os nosos antergos dixéronnos que os homes puideron ser feitos a partir das forzas da natureza", dixo Correa. "A partir da lentura das cousas e da humidade, e da podremia -si, da podremia".

"Levémolos diante dos anciáns", dixo Pedro.

"Berra primeiro", dixo Correa, "non vaia ser que os nenos se asusten... Esta é unha situación extraordinaria".

De xeito que berraron, e Pedro adiantouse e colleu a Núñez da man para levalo ás casas.

Núñez retiroulle a man. "Podo ver", dixo.

"Ver?", dixo Correa.

"Si, ver", dixo Núñez, voltándose cara a el, e tropezando co caldeiro de Pedro.

"Os seus sentidos son aínda imperfectos", dixo o terceiro cego.

"Tropeza e di palabras sen sentido. Cólleo da man".

"Como queiras", dixo Núñez, e ríndose foi conducido ata as casas.

Era coma se nonoubesen nada acerca da vista.

Ben. Todo ó seu tempo. El aprenderíalles.

Oíu a xente berrar, e viu unhas cantas figuras xuntárense no medio da rúa principal da aldea.

Reparou en que este primeiro encontro coa poboación do País dos Cegos lle acabara cos nervios e a paciencia máis do que prevera. O lugar facíasele máis grande a medida que se achegaba a el, e os rebocos manchados aínda lle resultaban agora máis estraños. Unha multitude de homes e mulleres (as mulleres e as nenas alegroulle velas e advertir que algunhas tiñan caras bastante doces, a pesar de teren os ollos pechados e afundidos) achegáronse a el, agarrándoo, apalpándoo con mans suaves e delicadas, cheirándoo e escoitando cada unha das palabras que dicía.

En todo caso, algunhas das rapazas e nenos mantiñanse lonxe coma se lle tivesen medo, e a verdade é que a súa voz semellaba áspera e ruda ó lado das súas tenras notas. Acosábano. Os seus tres guías mantiñanse cerca del como se fosen os seus propietarios, e dicían unha e outra vez, "Un home salvaxe saído das rochas".

"Bogotá", dicía el. "Bogotá. Sobre os picos daquelas montañas".

"Un salvaxe -usando palabras salvaxes", dixo Pedro. "Oístelo -Bogotá? Aínda non ten a mente ben organizada. Aínda está a aprender a falar".

Un rapaciño beliscoulle a man. "Bogotá!", dixo mofándose del.

"Ei! Unha cidade en comparanza coa vosa aldea. Veño do gran mundo -onde os homes teñen ollos e ven".

"Chámase Bogotá", dixeron eles.

"Tropezou", dixo Correa, "tropezou dúas veces cando viñamos para aquí".

"Traédeo onda os maiores".

E de súpeto arrepuzárono a través dunha soleira a un cuarto tan escuro coma un pozo, salvo o fondo onde brillaba tenuemente un lume. A multitude pechada en torno a el deixou todo ás escuras deixando pasar unicamente unha trémula raiola do día. E antes de que puidese parar polo seu propio pé, caeu estomballado ós pés dun home sentado.

Un dos seus brazos, estendido, bateu a cara de alguén mentres se esnafraba; notou o suave impacto contra a súa faciana e oíu un grito de furia. Durante un momento loitou contra unhas cantas mans que o aferraban. Era unha loita desigual. Tivo consciencia da situación e permaneceu quieto.

"Cáin", dixo: "Non fun quen de ver neste escuro pichoco".

Houbo unha pausa coma se as persoas invisibles que o arrodeaban estivesen tentando entender as súas palabras. E logo a voz de correa fíxose oír: "Só é unha persoa que acaba de chegar ó mundo. Tropeza mentres camiña e mestura na súa fala palabras que non significan nada".

Outros tamén dixeron cousas sobre el que só oíu ou entendeu de maneira imperfecta.

"Podo sentar?", preguntou nese intre. "Non pelexarei de novo con vós".

Deliberaron entre eles e deixáronlle erguerse.

A voz dun ancián comezou a preguntarlle cousas, e Núñez viuse a si mesmo tentando explicar o gran mundo do que caera, e o ceo e as montañas, e mais a vista e outras marabillas similares, a esta xente maior que sentaba no medio das tebras no País dos Cegos. Mais non creron nin entenderon nada do que el lles dixo, pois caía fóra de todas as súas expectativas.

De feito non entendían moitas das súas palabras. Durante catorce xeracións, esta xente estivera cega e separada do mundo que vía; os nomes para todas as cousas da vista desapareceran ou mudaran; a historia do mundo exterior esvaérase igualmente e convertérase nun conto de nenos; e todos sen excepción deixaran de se preocupar por canto estivese máis alá das ladeiras pedregosas que despuntaban por riba da muralla que os circundaba. No curso dese tempo xurdiran entre eles cegos dotados de verdadeiro xenio que cuestionaran as crenzas e tradicións que trouxeran consigo cando aínda vían, desbotáranas como fantasías ociosas e substituíranas por novas e máis congruentes explicacións.

Case toda a súa imaxinación murchara ó mesmo tempo que murcharan os seus ollos, pero co tempo foran quen de recrearen para si novas imaxinacións afirmadas no seu oído, cada vez máis fino, e no seu especial tacto. Pouco a pouco, Núñez foise dando conta de todo isto; estaba claro que as esperanzas postas en que o admirasen e o obedecesen pola súa orixe e polos seus dons non ían confirmarse. Tras desbotaren o seu pobre intento de explicarlles o que era a vista coma se se tratase da confusa versión dun ser que acaba de nacer e tenta describir as marabillas das súas incoherentes sensacións, acabou resignándose, un pouco contrariado, a escoitar o que eles tiñan que dicir.

O máis vello dos cegos explicoulle a vida e a filosofía e a relixión. Explicoulle como o mundo (polo que quería dicir o seu val) fora primeiro un oco baleiro entre as penas, e como logo foran chegando, primeiro, as cousas inanimadas sen o don do tacto, logo as llamas e unhas poucas criaturas máis que dispoñían de poucos sentidos, despois os homes, e por último os anxos, ós que un podía oír cantando e facendo sons case imperceptibles, pero ós que era imposible tocar, o cal deixou a Núñez totalmente perplexo ata que pensou nos paxaros.

Continuou explicándolle a Núñez como aquel tempo fora dividido entre o morno e o frío, que son os equivalentes cegos do día e da noite, e o bo que era durmir cando ía calor e traballar cando facía frío, de xeito que agora, se non fose pola súa chegada, a cidade enteira dos cegos estaría durmindo.

Dixo que Núñez debiera de ser feito especial para aprender e servirse da sabedoría, do saber que eles adquiriran, e que por toda a súa incoherencia mental e torpe comportamento debía ter valor e facer o que puidera para aprender, e cando dixo isto toda a xente que estaba na entrada murmurou dándolle ánimos. Díxolle que a noite -pois os cegos ó día chamábanlle noite- estaba xa moi avanzada, e que lle conviña a todo o mundo volver á cama. Preguntoulle a Núñez se sabía como durmir, e Núñez díxolle que si sabía, pero que antes de durmir quería comer.

Trouxéronlle comida -leite de llama nunha cunca, e pan duro con sal- e levárono a un sitio solitario para que comese sen ser oído, e despois durmise unha sonada ata que o fresco da montaña que sopraba a tardiña os levantase para comezar un novo día. Pero Núñez non deu adormecido.

En vez de durmir, sentou no lugar en que o deixaran, puxo en repouso as pernas e unha e outra vez repasou na súa cabeza as inesperadas circunstancias da súa chegada.

De cando en cando ría, ás veces de maneira divertida, e ás veces con indignación.

“Unha mente desorganizada!”, dicía. “Con que aínda sen sentidos! Non saben que estiveron a insultar o seu rei e señor enviado do ceo. Vexo que terei que traelos ó rego. Teño que pensar. Teño que pensar”.

Aínda estaba pensando cando o sol se puxo.

Núñez tiña ollos para todas as cousas bonitas, e tiña a impresión de que o roibén sobre os campos de neve e os glaciares que se alzaban sobre o val, por todos os lados, eran a cousa máis fermosa que endexamais vira. Os seus ollos pasaron daquela beleza inaccesible para o deleite da aldea e os campos regados, que se afundían a toda présa no lusco fusco, e de repente invadiuno unha vaga de emoción, e deu grazas a Deus dende o fondo do seu corazón polo don da vista que lle regalara.

Oíu unha voz que o chamaba dende fóra da aldea. “Ei ti, Bogotá!
Ven acá!”

Cando isto oíu ergueuse sorrindo. Xa lle demostraría el a esta xente, dunha vez por todas, o que a vista podía facer por un home. Buscaríano pero non o atoparían.

“Non te movas, Bogotá”, dixo a voz.

Riu sen facer ruído, e deu dous pasos silandeiros para fóra do carreiro.

“Non tripes a herba, Bogotá; iso non está permitido”.

Núñez apenas oíra o ruído que fixera. Detívose abraiado.

O dono da voz foi subindo polo carreiro de varias cores ata chegar onda el.

Volveu ó carreiro. “Velaquí estou”, dixo.

“Por que non viñeches cando te chamaba?” dixo o cego. “Hai que guiarte coma un neno? Non sabes oír o carreiro cando camiñas?”

Núñez riu. "Sei velo", dixo.

"A palabra 'ver' non existe" dixo o cego, despois dunha pausa. "Deixa de dicir parvadas, e sigue o son dos meus pés".

Núñez seguiu, un pouco aborrecido.

"Xa me tocará a min algún día", dixo.

"Xa aprenderás", respondeu o cego. "Hai moito que aprender no mundo".

"Ninguén vos dixo algunha vez o de "No país dos Cegos, o birollo é Rei?"

"Que é cego?" preguntou o cego sen prestar atención por riba do ombro.

Pasaron catro días, e no quinto o Rei dos Cegos seguía sen ser recoñecido; era, pola contra, un torpe e inútil estranxeiro entre os seus súbditos.

Estaba comprobando que proclamarse rei a un mesmo ía ser máis difícil do que supuxera, e mentres meditaba no seu golpe de estado, fixo o que lle dicían e aprendeu as maneiras e costumes do País dos Cegos. Coidaba que traballar e andar atarefado polas noites era unha cousa fastidiosa, e decidiu que iso ía ser a primeira cousa que cambiaría.

Levaba, esta xente, unha vida simple e laboriosa, con todos os elementos de virtude e felicidade, na medida en que estas cousas son entendidas polos homes. Esforzábanse pero non de maneira onerosa; tiñan roupa e comida abundas para as súas necesidades; tiñan días e épocas de descanso; reparaban moito na música e no canto, e había amor entre eles, e nenos pequenos.

Era marabilloso ver con que confianza e precisión se movían no seu ordenado mundo. Todo se fixera para satisfacer as súas necesidades; cada un dos carreiros radiais da rexión do val tiña un ángulo constante con relación ós outros, e distinguíase por unha anozcadura feita no bordo; había tempo que todos os obstáculos e irregularidades do carreiro e da pradería se suprimiran; todos os seus métodos e procedementos cadraban de maneira natural coas súas necesidades concretas.

Era unha marabilla comprobar o agudos que se tornaran os seus sentidos; podían oír e xulgar o xesto máis pequeno dun home a unha ducia de pasos -podían oír o latexar do seu propio corazón. A entoación había moito tempo que reemprazara a expresión entre eles, o contacto substituíra ó xesto, e o seu traballo coa eixada, a pa e a galleta era tan doado e seguro como o pode ser o traballo de xardín. O seu sentido do olfacto era extraordinariamente fino; podían distinguir diferenzas individuais tan rápido como o faría un can; e zapateaban de aquí para alá ocupándose das llamas, que vivían nas alturas das rochas e baixaban ó val por comida e refuxio, con facilidade e sen perigo. Foi daquela cando por fin Núñez tivo que recoñecer a mestría e seguridade con que se movían.

Só se rebelou despois de procurar con eles a persuasión.

Primeiro intentou falarlles da vista en varias ocasións. "Ei, vós, xente, mirade aquí", dixo. "Hai cousas que non podedes entender de min".

Unha ou dúas veces conseguiu que o escoitasen un par deles; sentaron coas cabezas gachas e as orellas convenientemente dispostas cara a el, e fixo o que puido para dicirlles en que consistía ver. Entre a súa audiencia había unha rapaza, con pálpebras menos vermellas e afondadas cás outras, coa que case se podía fantasiar que estaba a pechar os ollos, e á que en especial esperaba convencer.

Falaba das belezas da vista, de mirar as montañas, do ceo e do amencer, e oíano con incredulidade divertida que case sempre acababa sendo condenatoria. Dicíanlle que en realidade non existían as montañas senón que ó cabo das rochas onde pacían as llamas empezaba a fin do mundo; dende alí xurdía o teito cavernoso do universo, do que se precipitaban a rosada e as avalanchas. E cando sostiña con firmeza que o mundo non tiña fin nin teito como eles supoñían, asegurábanlle que os seus pensamentos eran maliciosos.

Ata onde el era quen de lles describir o ceo e as nubes e as estrelas, a eles parecíanlles un baleiro atroz, unha horrible nada no lugar do agarimoso teito que daba abeiro ás cousas nas que eles crían -para eles era un artigo de fe que o teito da caverna era exquisitamente suave ó tacto. Dalgunha maneira vía que os escandalizaba, e abandonou de vez ese aspecto da materia, para lles tentar mostrar o valor práctico da vista. Unha mañá, estando aínda demasiado lonxe para ser oído ou ulido, viu a Pedro no carreiro chamado Dezasete vindo cara ás casas do centro, e así llelo fixo saber.

"Dentro dun momento", profetizou, "Pedro estará aquí".

Un velliño asegurou que Pedro non tiña nada que facer no carreiro Dezasete, e nese mesmo intre, como para confirmar a súa sentenza, o individuo aquel que se viña achegando deu a volta e dirixiuse transversalmente ó carreiro Dez, retornando con pasos áxiles ó muro exterior. Ó non chegar o anunciado Pedro todos se burlaron de Núñez, e pouco despois, cando o puido interrogar sobre o caso para que aclarase o seu trasacordo, Pedro negouno e desafiouno de malos modos, dende aquela amosándose para sempre hostil con el.

Foi a raíz disto cando os convenceu para que lle deixasen subir ata as pradeiras altas, cara á muralla, con alguén de entre eles que estivese de acordo. A quen o acompañase prometíalle que lle iría describindo todo canto pasase entre as casas. Observou varios ires e vires, pero as cousas que realmente lles parecían interesar a estas xentes ocorrían dentro ou detrás das casas sen ventás -as únicas cousas nas que reparaban para xulgalo- e sobre ese particular el nada podía ver nin dicir. Foi despois do fracaso deste intento, e do ridículo que non conseguiu reprimir, que acudiu ó uso da forza.

Pensou en agarrar unha pa e tombar un par deles, de maneira que se puidese demostrar o vantaxoso que resultaba ter ollos. Estaba realmente decidido a facelo e ata chegou a coller a pa, pero descubriu algo novo sobre si mesmo: éralle imposible bater un cego a sangue frío.

Vacilou, e advertiu que todos sabían que agarrara unha pa. Estaban alerta, coas cabezas para un lado, e os oídos voltos na súa dirección en garda polo que estivese disposto a facer.

"Baixa a pa", dixo un, e sentiuse tan indefenso e aterrorizado que estivo a piques de obedecer.

Entón empurrou a un para tras contra o muro dunha casa, e pasando por diante del fuxiu da aldea.

Correu a través dun dos prados, deixando tras de si un rastro de herba atrapallada, e de seguida sentou nunha das beiras do camiño. Sentía o optimismo que senten todos os homes no comezo dunha batalla, pero aínda moita máis incerteza. Comezou a decatarse de que non se pode loitar con ganas con criaturas que parten dunha base mental diferente da túa.

Ó lonxe viu primeiro saír dunha das rúas de casas unha columna de homes que levaban pas e paus e logo avanzar en varias

ringleiras que se ían estendendo cara a el por varios sendeiros. Avanzaban amodo, falándose decote os uns ós outros, e de cando en vez, o cordón enteiro paraba e cheiraba o aire e escoitaba.

A primeira vez que o fixeron, Núñez riu. Mais non tardou en deixar de rir. Un deles descubriu o seu rastro entre a herba, e seguiu agachado sabedor do camiño que levaba.

Durante cinco minutos, mirou a lenta extensión do cordón, e daquela a vaga disposición a actuar tornouse ofegante. Levantouse, foi un paso ou dous cara á muralla que circundaba a aldea, deu a volta e retrocedeu un cachiño. Alí os tiña a todos, formando unha media lúa, quedos e á espreita.

Tamén el permaneceu quedo, brandindo a pa con forza entre as súas mans. Debería atacalos?

O latexar dos seus oídos compasouse ó ritmo de "No País dos Cegos, o birollo é Rei".

Debería atacalos?

Mirou para tras, ó alto e inescalable muro que tiña detrás - inescalable debido ó seu suave caleado, malia estar furado por moitas pequenas portas- e ollou a liña de perseguidores que se achegaba. Detrás deles outros estaban agora saíndo do rueiro de casas.

Debería atacalos?

"Bogotá!" chamou un por el. "Bogotá, onde estás?"

Apertou a pa aínda máis forte, descendeu polo prado abaixo cara ó lugar das casas, e ó tempo que se dirixía a elas, eles converxeron sobre el. "Se me tocan mátoos", xurou; "Por Deus que o fago. Mátoos". E dixo en voz alta, "Mirade ben o que digo, vou facer o que queira neste val. Oídesme ben? Vou facer o que queira e ir a onde queira!"

Dirixíndose cara a el, cercárono con rapidez, ás toas, e aínda así movéndose de présa. Era como xogar á pita cega, todos cos ollos tapados salvo un. "Agarrádeo!", berrou un. Atopouse no medio dun arco formado por unha curva frouxa de perseguidores. De súpeto decatouse de que debía actuar con resolución.

"Non entendedes", berrou nunha voz que tentaba soar forte e decidida pero que se quebrou ó momento. "Sodes cegos, e eu podo ver. Deixádeme tranquilo!"

"Bogotá! Tira a pa, e sae da herba!"

A última orde, grotesca na súa familiaridade urbana, provocoulle un ataque de ira.

"Heivos zoscar", dixo, saloucando con emoción. "Por Deus santo que vos hei zoscar. Deixádeme en paz!"

Botou a correr, sen saber claro a onde ir. Saíu correndo do cego que estaba máis preto, porque lle parecía un horror ter que zorregarlle. Detívose, e entón fixo un último intento para escapar das filas que se pechaban en torno a el. Fíxoo por onde viu que o burato era máis amplo, mais os homes de cada un dos lados, decatándose das súas intencións polos pasos que dera, apuráronse a xuntarse uns ós outros. Chimpouse cara a diante, e vendo que ía ser collido, sishhh!, asestoulle unha padada. Notou o suave estrondo da man e o brazo, e o home caeu ó chan cun berro de dor. Pasara! Atravesara!

Estaba de novo cerca da rúa de casas, e había unha chea de cegos que corrían dun lado para outro cunha especie de rapidez razoada brandindo pas e estacas.

Escoitou pasos detrás del xusto a tempo, e atopouse cun home alto que se tirara sobre el e que ía zoscarlle unha pancada. Perdeu os nervios, arreboloulle a pa ó seu adversario a uns cen metros de distancia, deu unhas voltas e fuxiu berrando mentres eludía a outro.

Estaba aterrado. Correu furioso dun lado para outro, caneando cando nada había que canear, e tropezando con todo coa ansiedade de ter que ollar á vez a todos os lados. Houbo un momento no que caeu e todos sentiron a súa caída. Ó lonxe, na muralla que circundaba a vila, unha portela pareceulle a salvación, e botouse a correr cara a ela nunha carreira tola. Nin sequera mirou ó redor para ver os seus perseguidores ata que chegou a ela, e cambaleando na ponte, conseguiu gabear entre os penedos para a sorpresa e desgusto dunha llama noviña que saíu dando brincos fóra da súa vista. E alí estirado e impando intentou coller alento.

O golpe de estado chegara á súa fin.

Estivo fóra da muralla do val dos Cegos durante dúas noites e dous días sen comida nin abeiro, e matinou sobre o inesperado. En tales matinacións, repetía acotío para si, cada vez cunha máis profunda nota de escarnio, o enganoso refrán: "No País dos Cegos, o birollo é Rei". Sobre todo pensaba en como podía loitar

e conquistar esta xente, e cada vez tiña máis claro que non había maneira de facelo. Non tiña armas, e agora sería difícil conseguir unha.

O cancro da civilización xa o gañara en Bogotá, e non puido atopar en si mesmo o valor de baixar e asasinar un cego. Naturalmente, se o fixera, podería logo dar ordes baixo a ameaza de asasinalos a todos. Mais -antes ou despois tería que durmir!...

Tentou tamén atopar comida entre os piñeiros, atopar acomodo baixo as súas pólas mentres a xeada caía pola noite, e -con menos seguranza en si mesmo- cazar con algunha artimaña unha llama para poder matala -quizais golpeándoa cunha pedra- e poder, por fin, comer algo de carne. Mais as llamas desconfiaban del, mirándoo cos seus ollos castaños cheos de receo e cuspíndolle cando se lles achegaba.

O medo e os espasmos dos calafríos apoderáronse del o segundo día. Finalmente, baixou arrastrándose ata a muralla do País dos Cegos e intentou negociar con eles. Marchou paso a paso polo regato, berrando, ata que dous cegos saíron á porta da muralla e faláron con el.

"Estaba tolo", dixo. "Pero é que me acabaran de facer".

Concordaron en que así era mellor.

Díxolles que agora era máis prudente, e que se arrepentía de todo o que fixera.

Entón chorou sen querer chorar, pois sentíase moi feble e enfermo, e eles tomárono coma un sinal favorable.

Preguntáronlle se aínda pensaba que podía "ver".

"Non", dixo. "Aquilo foi unha loucura. A palabra "ver" non significa nada -nada de nada".

Preguntáronlle que había derriba da súa cabeza.

"A unhas cen veces a altura dun home hai un teito sobre o mundo -de rocha- que é moi, moi suave"... Rompeu a chorar de novo de maneira histérica. "Antes de que me preguntedes máis cousas, dádeme algo de comer ou morro".

Esperaba castigos extremos, pero esta xente cega tiña o don da tolerancia. Vían a súa rebelión como proba da súa inferioridade e idiotéz xerais. E despois de darlle unhas azoutas, encargárono de facer o traballo máis simple e pesado

que tiñan, e el, reparando en que non había outra maneira de vivir, fixo submisamente o que lle mandaron facer.

Estivo enfermo varios días, e eles coidárono con amabilidade. Isto afinou a súa submisión. Mais eles insistían en que estivese deitado ás escuras, e iso foi un gran sufrimento. Viñeron filósofos cegos a visitalo e faláronlle da malvada lixeireza da súa mente, e chegaron a reprendelo de maneira tan dura polas súas dúbidas acerca do manto de rocha que cubría a cazarola cósmica que a piques estivo de dubidar se realmente non estaba a ser a vítima dunha alucinación ó non vela xusto derriba da súa cabeza.

Así que Núñez converteuse nun cidadán do País dos Cegos, e esta xente deixou de ser unha xeneralización da xente para converterse en individualidades e en xente corrente para el mentres que o mundo de máis alá das montañas se foi facendo cada vez máis remoto e irreal. Estaba Yacob, o seu mestre, un home amable cando non andaba aborrecido; estaba Pedro, o sobriño de Yacob; e estaba Medina-saroté, que era a filla máis nova de Yacob.

Medina-saroté era pouco querida no mundo dos cegos, pois tiña unha cara clara, e carecía da satisfactoria e fulgurante suavidade que forma parte do ideal feminino de beleza do home cego. Pero Núñez atopáraa fermosa a primeira vez que a vira, e no presente era para el a cousa máis fermosa que dera a creación. Non tiña as pálpebras pechadas nin afundidas nin encarnadas como era común no val; era coma se se fosen abrir de novo en calquera momento. As longas pestanas para o que era normal nos cegos tampouco a axudaban pois eran consideradas unha grave desfiguración. Como o era a súa voz forte, que non satisfacía o agudo oído dos pretendentes do val. De maneira que

Medina-saroté non tiña ningún namorado.

E veu un tempo no que Núñez pensou que, se a podía conquistar, podería resignarse a vivir no val para o resto dos seus días.

Mirábaa; procuraba oportunidades para facerlle pequenos favores, e ó pouco tempo descubriu que tamén ela o observaba. Unha vez, nunha reunión dun día de descanso, sentaron un ó carón do outro á luz tenue das estrelas. A música era doce. A súa man pousouse sobre a dela e atreveuse a agarrarlla. Entón, moi tenramente, ela devolveulle a presión. E un día, cando estaban comendo na escuridade, el sentiu a súa man buscalo moi suavemente, e sucedeu que nese mesmo instante o lume alapeou e puido ver a tenrura da súa cara.

Procurou falarlle.

Un día de verán, mentres estaba fiando no luar, foi onda ela. A luz tornábaa un obxecto misterioso envolto nun halo de prata. Sentou ós seus pés e díxolle canto a amaba e o bonita que lle parecía. Tiña a voz dun amante, faloulle con tan tenro respecto que case raiaba en admiración. Endexamais fora tratada con tanta devoción. Non lle deu resposta definitiva, pero era evidente que as súas verbas lle agradaran.

Despois disto faloulle sempre que tivo oportunidade. O val converteuse para Núñez no seu mundo, e o mundo alén das montañas onde os homes vivían á luz do sol pasou a ser unicamente un conto de fadas que algún día vertería nas súas orellas. Con timidez e indecisión faloulle da vista.

A vista semelláballe a ela a máis poética das fantasías mentres escoitaba cunha especie de culpable indulxencia a descrición que facía das estrelas e das montañas e da tenra e luminosa beleza que encontraba nela. Non o cría, podía só entendelo a medias, pero estaba misteriosamente enfeitizada, e a el parecíalle que ela o entendía de todo.

O seu amor foi perdendo en admiración pero gañando en ousadía. Deseguida quixo pedirlle a man a Yacob e ós anciáns, pero ela colleu medo e adioullo. Unha das súa irmás máis vellas foi quen primeiro lle dixo a Yacob que Medina-saroté e Núñez estaban namorados.

Dende o principio foron moitos os que se opuxeron ó matrimonio de Núñez e Medina-saroté; non tanto porque eles a valorasen a ela como porque o coidaban a el un ser á parte, un idiota, un incompetente por debaixo do nivel permisible nun home. As súas irmás opuxéronse con acritude porque os desacreditaba a todos eles por igual; e o vello Yacob, aínda que fora colléndolle cariño ó seu deforme pero obediente servo, sacudiu a cabeza e dixo que a cousa non podía ser.

Os máis novos estaban furiosos ante a idea de corromper a raza, e un deles chegou a insultar e zoscar a Núñez. El devolveulle a acometida. E daquela, por primeira vez, descubriu a vantaxe de ver, mesmo na noitiña. Despois daquela lea ninguén volveu a estar disposto a levantar unha man contra el. Mais todos eles continuaban xulgando imposible o seu matrimonio.

O vello Yacob sentía tenrura pola súa filla máis nova, e aflixíase oíndoa chorar sobre o seu ombro.

"Miña filla, sabes de sobra que é un idiota. Ten alucinacións e non sabe facer nada ó dereito".

"Seino, pai", dicía con bágoas Medina-saroté. "Mais el é mellor do que foi. Está mellorando. E é forte, pai querido, e amable - máis forte e amable ca ningún outro home do mundo. E el ámame - e eu, pai, tamén o amo".

O vello Yacob sentíase angustiado de non poder consolala, e, ademais -o que aínda o facía todo máis angustiados- a el gustáballes Núñez por moitas cousas.

Estando nestas encamiñouse cara ó casa sen ventás do Concello e sentou alí cos outros anciáns. Seguiu o curso das súas intervencións, e cando o viu máis apropiado, el mesmo interveu: "É mellor do que era. É moi probable que algún día o atopemos tan sensato coma a nós mesmos".

Entón, ó pouco de que Yacob collese a palabra, un dos anciáns que adoitaba meditar profundamente, tivo unha idea. Era o gran doutor entre aquela xente, o seu menciñeiro, un home dotado dunha mente creativa e filosófica, e a idea de poder curar a Núñez das súas peculiaridades tiña o seu atractivo. Un día cando Yacob estaba presente retornou ó tema de Núñez.

"Examinei a Bogotá", dixo, "e o seu caso está moito máis claro para min. Penso que é probable que poida curarse".

"É o que sempre esperei", dixo o vello Yacob.

"O seu cerebro está afectado", dixo o cego doutor.

Os anciáns murmuraron asentindo.

"Ora ben, que é o que o afecta?"

"Ah!", dixo o vello Yacob.

"Isto", dixo o doutor, respondendo a súa propia pregunta. "Estas estrañas cousas chamadas ollos, que só existen para facer unha agradable e suave cavidade no rostro, no caso de Bogotá están enfermas e afectan o seu cerebro. Están moi dilatadas, teñen pestanas, e as pálpebras móvenselle facendo que o seu cerebro se atope nun estado de constante irritación e distracción".

"Si?", dixo o vello Yacob. "Si?"

"E eu penso que podo afirmar con razoable certeza que, para curalo completamente, todo o que necesitamos é unha simple e

fácil operación cirúrxica -é dicir, extraerlle eses irritantes corpos”.

“E daquela ficará san?”

“Daquela ficará perfectamente san, e converterase nun admirable cidadán”

“Grazas a Deus pola ciencia!” dixo o vello Yacob, e foi deseguida partillar con Núñez a esperanza da feliz nova.

Mais o modo en que Núñez recibiu a noticia feriu no máis fondo pois pareceulle que reaccionara de maneira fría e sen ilusión.

“Un podería pensar polo ton que adoptas”, dixo, “que a miña filla nada che importa”.

Foi Medina-saroté quen tentou persuadir a Núñez para que afrontase os cirurxiáns cegos.

“Ti non queres”, dixéralle el, “que eu perda o meu don da vista, non si?”

Ela acenou coa cabeza en sinal de negación.

“O meu mundo é a vista”.

Medina-saroté deixara caer a cabeza aínda máis baixa.

“Nel hai cousas fermosas, as pequenas cousas fermosas -as flores, os liques entre as penas, a lixeireza e suavidade da roupa feita de peles, o distante ceo cos seus cambiantes montóns de nubes, os solpores e as estrelas. E estás ti. Só por ti paga a pena ter a vista, para ver o teu rostro doce e sereno, os teus amables labios, as túas queridas e fermosas mans pregadas unha sobre a outra... Son estes ollos de meu que ti gañaches, estes ollos que me unen a ti, o que eses idiotas queren. En vez de verte, deberei tocarte, oírte e nunca máis volver a verte. Terei que vivir baixo o teito de rocha, de pedra e tebras, ese teito horrible baixo o que a vosa imaxinación se humilla... Non, ti non queres que eu faga iso, ou si?”

Sobreveulle unha dúbida desagradable. Parou de falar e deixou a pregunta en suspenso.

“Eu desexaría”, dixo, “ás veces...” E fixo unha pausa.

"Si", dixo el, cun pouco de aprehensión.

"Eu ás veces desexaría que non falases así".

"Así como?"

"Sei que é bonito -é a túa imaxinación. E a min encántame, pero agora..."

Sentiu frío. "Agora?", dixo feblemente.

Ela seguía sentada, quieta.

"Queres dicir -ti pensas- que eu sería mellor, que se cadra sería mellor..."

Estaba tomando consciencia das cousas a toda présa. Sentiu rabia, rabia contra o sinistro curso do fado, pero tamén simpatía pola súa falta de entendemento -unha simpatía próxima á compaixón.

"Querida", dixo, e puido ver a intensidade con que o seu espírito loitaba contra as cousas que non podía dicir diante da súa brancura inmaculada. Rodeouna cos seus brazos, bicoulle a orella, e sentaron durante un intre en silencio.

"Se eu o consentise?" dixo finalmente, cunha voz que era moi doce.

Ela abrazouno, chorando coma unha tola. "Oh, se ti o consentises", saloucou, "só se ti o consentises!"

* * * * *

A semana antes da operación que o ía soerguer da súa escravitude e inferioridade ó nivel do cidadán cego, Núñez descoñeceu o que era durmir, e ó longo das mornas horas de luz solar, mentres os outros durmían felizmente, el sentaba meditabundo ou vagaba sen rumbo, intentando resolver o seu dilema. Dera resposta ó que lle propuxeran, dera o seu consentimento, e aínda así non estaba seguro.

Finalmente, o tempo do traballo rematara e o sol levantábase en todo o seu esplendor sobre os dourados cumes. O seu último día de visión comezaba para el. Estivera uns poucos minutos con

Medina-saroté antes de que esta se fose deitar.

"Mañá", díxolle, "deixarei de ver".

"Meu corazón!" respondeu ela, e presionou as súas mans con toda a súa forza.

"Faranche pouco dano", dixo; "e ti, meu amor, vas soportar esta dor -vas pasar por isto por min... Amor, se o corazón e a vida dunha muller poden facelo, eu recompensareite. Meu máis querido ben, meu amor de tenra voz, eu te compensarei".

Invadiuno a lástima por si mesmo e por ela.

Apertouna entre os seus brazos, premeu os seus labios contra os dela, e mirou nela, por derradeira vez, o seu doce rostro. "Adeus!", susurrou ante esa amada vista. "Adeus!".

E daquela en silencio arredouse dela.

Ela podía oír os seus pasos retirándose amodo, e algo no seu ritmo fíxolle botarse a chorar apaixonadamente.

Tivera a intención de retirarse a un lugar solitario onde os prados fosen fermosos con narcisos brancos e permanecer alí ata que chegase a hora do seu sacrificio, pero mentres ía levantou os ollos e viu a mañá, unha mañá coma un anxo con armadura dourada, avanzando sobre as ladeiras...

Pareceulle que ante este esplendor, el e o mundo dos cegos no val, e o seu amor, e todo, non eran máis que un pozo de pecado.

Non se apartou alí como tiña pensado facer, senón que seguiu. Pasou a través da muralla que circunvalaba a poboación e saíu fóra ata chegar ós penedos da montaña cos ollos sempre postos sobre o xeo e a neve bañados pola luz do sol.

Viu a súa infinita beleza, e a súa imaxinación pairou sobre delas e sobre das cousas do máis alá ás que el agora ía renunciar para sempre.

Pensou naquel gran mundo libre do que se separara, naquel mundo que era o seu, e tivo a visión daquelas montañas ó lonxe. Distancia máis alá da distancia, con Bogotá ó final, un lugar de multitudes de conmovedora beleza, unha gloria de día, un misterio luminoso de noite, un lugar de palacios e fontes e estatuas e casas brancas, a media distancia, fermosamente dispostas.

Pensou en como nun día ou así se podía baixar a través dos desfiladeiros avanzando ata se achegar, cada vez máis cerca, ás súas atarefadas rúas e estradas. Pensou na viaxe polo río, día a día, dende a gran Bogotá ó aínda máis vasto mundo do máis alá, a través de cidades e aldeas, bosques e lugares desertos.

Pensou na corrente do río día a día, ata onde as súas beiras se perden e os grandes barcos de vapor aparecen desfacendo a auga, e un chega ó mar -o infinito mar, cos seus milleiros de illas, milleiros de illas, e os seus barcos que apenas se albiscan ó lonxe nas súas incesantes singraduras en torno ó máis grande mundo. E alí, ceibe de montañas, un podía ver o ceo -o ceo, non o disco tal e como un o ve aquí, senón un arco de inconmesurable azul, un mar de mares no que aboian as estrelas circundantes...

Os seus ollos escrutaron a gran cortina de montañas na procura da pregunta máis ansiosa.

Por exemplo, se un fora así, subindo ata aquel barranco e ata aquel desfiladeiro, un podería saír entre aqueles cativos piñeiros que se estenden en círculo a modo de barreira e que medran cada vez a máis altura en canto se pasa por riba da gorxa. E logo? Aquela ribada podería salvarse. Dende alí quizais unha escalada podería conducilo a un máis arriba, ó precipicio que queda debaixo da neve; e se aquel desfiladeiro fallase, sempre habería outro máis ó leste que puidese servir mellor o mesmo propósito. E despois? Despois un estaría fóra sobre a neve luminosa coma o ámbar, e a medio camiño do cume daquelas fermosas paraxes desoladas.

Ollou para tras e viu a aldea, e logo virouse en redondo e fitouna resoltamente.

Pensou en Medina-saroté; volvérase pequena e remota.

Voltouse de novo cara ó muro da montaña, ó pé da cal se fixera de día.

E logo, con toda prudencia, comezou a gabear.

Cando o sol se puxo, xa deixara de escalar, pero estaba lonxe de onde empezara e a moita altura. Tiña a roupa esgazada, as extremidades manchadas de sangue, e mazaduras en moitas partes, pero descansaba coma se estivese tranquilo e tiña un sorriso na cara.

Dende onde descansaba, o val semellaba coma se estivese nunha fosa a case unha milla de distancia costa abaixo. Escurecía entre néboas e sombras, aínda que as cimas montañosas que o rodeaban aparecían luminosas e inflamadas. Os picos das montañas eran obxectos de luz e lume, e os pequenos detalles das rochas próximas estaban purgados dunha beleza sutilísima - unha veta dun mineral verde perforando o gris, as luminosidades dos cristais esparexidas aquí e alá, un diminuto e fermoso insignificante lique laranxa cerca da súa cara.

Había fondas sombras misteriosas na gorxa en que estaba, azul fundíndose en púrpura, e o púrpura en escuridade luminosa, e sobre a súa cabeza a infinita extensión do ceo. Mais el xa non prestaba atención a estas cousas; xacía alí, sen moverse, sorrindo coma se simplemente estivese satisfeito de ter escapado do val dos Cegos no que un día pensara ser Rei.

O roibén do solpor desaparecera, e a noite viñera, pero el xacía alí en paz, contento baixo a fría claridade das estrelas.

* * * * *

(FIN DA PRIMEIRA VERSIÓN)

E alí, sen a opresión das montañas, era posible ver o ceo -o ceo, non o disco que se ve dende aquí, senón un grande arco de inconmensurable azul, o azul das profundidades no que aboiaban as estrelas que o circundaban.

Os seus ollos esculcaron as montañas que aprisionaban o lugar esculcándoo palmo a palmo nunha concienciada pescuda.

Pensou que durante moitos días non lle pasara pola cabeza mirar os precipicios e as lombas de neve e os barrancos polos que esvarara e caera, e baixara ó val. Mirábaos agora, mirábaos mais non os podía atopar. Algo sucedera. Algo sucedera para que cambiasen e desaparecesen as marcas do seu descenso. Non o podía crer. Refregaba os ollos e ollaba de novo. Se cadra se esquecera. Se cadra a última nevada fresca alterara as liñas e formas das superficies expostas.

Na outra parte tamén había ladeiras que nalgún momento estudara con toda atención. Pois ás veces a idea de escapar fora para el algo realmente urxente. Tamén cambiaran? A súa memoria comezaba a xogarlle malas pasadas? Un lugar alá no alto, a uns cincocentos pés ou así, deixaba ver unha gran veta de cristal verde que facía unha especie de camiño que se dirixía cara a riba -mais, velaí, desaparecera na nada. Un

podería gabear ata ela, pero unha vez alí enriba non parecía haber esperanza. Aquilo aínda continuaba como fora sempre. Mais o resto?

De súpeto un débil berro de horror afogou na súa gorxa.

“Non!” Bisbou poñéndose de crequenás. “Non. Antes estaba alí!”

Pero sabía que aquilo non estivera antes alí.

Era unha longa e estreita cicatriz de rocha exposta por primeira vez á luz do sol que atravesaba oblicuamente a face do inmenso precipicio. Por riba e por baixo estaba a erosionada rocha. Aínda loitaba contra aquela convicción. Mais a simple e innegable e crúa realidade estaba a vista. Non cabía a menor dúbida acerca do que significaba aquela fresca cicatriz. Unha masa enorme daquel formidable valado montañoso comezara a escorregar. Avanzara uns poucos pés e seguiría amarrada por algún tempo grazas a algunha desigualdade das rochas que aínda a sostiñan. Se cadra iso a mantiña de momento, mais de que se estaba desprazando non había o máis mínimo asomo de dúbida. Podía volver aguantarse na súa nova posición? Non o sabía. Outeou as distantes montañas. No alto viu fíos brancos de auga vertendo dende os campos de neve sobre a fenda que se acababa de formar. Máis embaixo, a auga xiriscaba por unha ducia de sitios dende a beira máis baixa da masa desprendida. E entón viu que outras regañas máis pequenas apareceran tamén na parede da montaña.

Canto máis estudaba aquela vasta faciana rochosa, máis se decatava da posible urxencia da súa ameaza. Se o movemento iniciado continuaba, o val estaba condenado. Esqueceu a súa anguria persoal e dominouno unha inmensa preocupación polo desexo de querer axudar á pequena comunidade da que se fixera cidadán. Que debería facer esta xente? Que podían facer? Abandonar as súas ameazadas casas? Construír unhas novas nas ladeiras que quedaban detrás del? E como podía inducilos a facelo?

Supoñamos que cedese aquela aba rochosa sobre a que repousaba a masa de neve!

A montaña estomballariábase -trazou a posible caída coas mans estiradas-, caería deste e daquel xeito. Derrubaríase sobre o lago e máis alá do lago. Enterraría as casas máis baixas. Levaría a destrución a canto ser vivente había no val. Algo que teñen que facer. Preparar refuxios? Organizar unha posible evacuación? Poñelo a el de vivía das montañas día a día? Pero como facelos entender?

Se regresase agora, sinxelamente, manseliñamente, sen mostrar emoción, falando baixiño e abaixándose ante eles. Se dixese: "Son un toleirán. Son unha criatura repugnante, non merezo tocar a costura do vestido do último dos vosos sabios homes. Mais por unha soa vez, prégovos, que creades na miña visión! Crede na miña visión! Ás veces un idiota coma min é quen de ver. Deixádeme probarvos o que vexo. Porque, de verdade, de verdade que sei dun gran perigo, e podo axudarvos a conxuralo.

Mais como os podía convencer? Que probas lles podía achegar? Despois dos seus outros fracasos. Supoñamos que baixase agora, coa súa nova alarma en mente. Supoñamos que insistise.

"Visión. Vista." As propias palabras serían unha aldraxe para eles. Poderían mesmo non deixarlle nin sequera falar. E mesmo se lle permitisen falar, se cadra xa era demasiado tarde. No mellor dos casos faríalles discutir de novo o caso. Poñeríaos furiosos case que con toda seguridade, pois como podía contar o seu conto e non cuestionar a Sabedoría Suprema. Poderían agarrar e acabar coa súa recorrente molestia extraéndolle os ollos, e o único resultado da súa intervención sería que el estaría curando as sanguentas cuncas dos seus ollos cando sobreviñese o desastre. A montaña podería resistir aínda semanas e meses, pero tamén podería ser que non esperase en absoluto. Mesmo agora podería estar escorregando sixilosamente. Mesmo agora a calor do día podería estar a expandir aquelas fuscas e enormes masas, desxeando o xeo nocturno que as mantiña nun só e inquebrantable bloque. Incluso agora o pingar da auga estaría lubricando as fisuras cada vez máis anchas.

De súpeto viu, viu claramente unha nova regaña brincando sobre unha brillante masa verde, e deseguido, por todo o val, oíuse o son que fixera coma o disparo dunha pistola que anuncia o comezo dunha carreira. A masa xa se estaba movendo agora! Non había máis tempo que perder. Xa non quedaba tempo para rogos e plans.

"Para!" berrou. "Para!" E sacou as súas mans como se quixese deter aquela lenta, pero segura, catástrofe. Pode parecer absurdo pero el coida que dixo "Agarda un minuto!"

Encamiñouse cara á ponte e a porta da vila e apurouse en dirección ás casas. "A montaña está caendo," berraba. "A montaña enteira está derrubándose sobre todos vós. Medina-saroté! Medina-saroté!"

Zoqueleou cara á casa do vello Jacob e irrompeu nos cuartos dos que estaban durmindo. Sacudiunos e berroulles, indo dun a outro.

"Volveuse tolo de novo," berrábanlle, e mesmo Medina-saroté intentaba fuxir da súa emoción.

"Vamos!", dixo. "Veña! Estase esboroando agora mesmo. A montaña véñse abaixo" E agarrouna polo pulso apreixándoa ferreamente. "Vamos!" E berrou cun ton tan de mando que o obedeceu aterrorizada.

Pero fóra da casa había xa unha multitude á que espertaran os berros e ruído que fixera, e unha banda de homes correra xa fóra e axuntárase ó pé da casa, atrancándolle o camiño.

"Deixádeme pasar," berrou. "Deixádeme pasar. E vide comigo, cara ás ladeiras de aló antes de que sexa tarde de máis."

"Isto é demasiado. Esta é a derradeira blasfemia," chiou un dos máis vellos. "Agarrádeo. Aguantádeo!"

"Dígovos que a montaña está caendo. Estase vindo abaixo, mesmo agora que vós me retedes aquí."

"A Sabedoría Suprema que nos ama e nos protexe non pode caer sobre nós"

"Escoitade. Oídes o estrondo?"

"Xa oímos un retumbar coma ese antes. A Sabedoría estanos alertando. E é por causa das túas blasfemias."

"E o chan que treme?"

"Irmáns, botádeo! Botádeo fóra do val. Fomos uns tolos dándolle abeiro entre nós tanto tempo. O seu pecado é maior do que a nosa Providencia pode aguantar."

"Pero eu dígovos que as rochas están caendo. A montaña enteira estase vindo abaixo. Escoitade e oídes o choque e o que está a suceder."

Decatouse de que unha voz rouca entoaba a súa pregaría por riba do balbordo e afogaba a súa. "A Sabedoría Suprema ámanos. Protéxenos de todo mal. Ningún mal poderá vir sobre nós mentres a Sabedoría nos rexa. Botémolo. Expulsémolo. Que tome os nosos pecados sobre el e que se vaia". "Vaite xa, Bogotá" berrou un coro de voces. "Vaite."

"Medina-saroté! Ven comigo. Sae deste lugar!"

Pedro botoulle un brazo protector sobre os ombros da súa curmá.

"Medina-saroté!" berrou Núnez. "Medina-saroté!"

Arrepuxárono carreiro arriba cara ós límites da vila, a pesar de que se resistía con fereza. Mostraban toda a crueldade dos homes aterrorizados. Querían superarse uns ós outros no seu repudio. Batéronlle no rostro cos seus puños e déronlle patadas nas canelas, nos nocellos e nos pés. Un ou dous botáronse a el con coitelos. Xa non puido ver máis a Medina-saroté e non puido ver as escarpadas e cambiantes montañas por mor dos golpes e do sangue que se derramaba dunha ferida que lle fixeran na fronte, mais as voces ó seu redor esvaeron ó tempo que o xordo e estrepitoso retumbar dos fragmentos que caían se uniron e deron lugar a un estrondo coma o dun trebón. Berrou chorando por Medina-saroté para escapar mentres o levaban diante deles.

Botárono por unha pequena porta e arrebolárono por unha costa de pedras cunha violencia tan deliberada que fixo que un rabaño de llamas se apartasen precipitadamente. Ficou alí tirado coma un saco de patacas. "E así te quedas -e podrezas," dixo un deles. "Ti e mais a túa -vista."

Levantou a cabeza esperando unha última resposta.

"Dígoche que estarás morto antes ca min".

"Serás parvo!" dixo o cego co que loitara, e deu a volta para lle volver zoscar unha e outra vez. "Nunca che entrará a razón?" E regresou con présa para onda os seus iguais mentres Núnez se debatía torpemente tentando poñerse en pé.

Núnez quedou cambaleando coma un borracho.

Non tiña forza nas pernas. Fixo o que puido para limpar o sangue dos ollos. Mirou o inminente desprome da montaña, procurou a alta plataforma rochosa na que reparara aquela mañá e volveu o seu desesperanzado rostro cara á perdición que se cinguía sobre o val. Mais non se empeñou en volver a gabear.

"Que ten de bo ir só?" dixo. "Mesmo se puidese, unicamente morrería de fame alá enriba."

E daquela, de súpeto, viu a Medina-saroté, que o buscaba. Apareceu a través da pequena porta e estaba chamando por el. Dalgunha maneira, conseguira escapulirse e vir buscalo. "Bogotá, meu querido!" berrou. "Que é o que che fixeron? Oh, que é o que che fixeron?"

E tamén el se puxo a andar cambaleando cara ó seu encontro, berrando o seu nome unha e outra vez.

Nun momento as mans de Medina-saroté estaban no seu rostro limpándolle o sangue e tentando buscar amodiño e con coidado os cortes e rabuñaduras.

"Tes que estar aquí agora," impaba. "Tes que quedar aquí por un tempo. Ata que te arrepiantas. Ata que aprendas a arrepentirte. Por que te comportaches dunha maneira tan tola? Por que dicías aquelas horribles blasfemias? Non sabes o que lles dicías, pero como van eles aceptalo? Se volves agora, seguro que te matan. Traereiche comida. Tente aquí."

"Ningún de nós pode quedar aquí. *Mira!*"

Tomou aire con forza entre os seus dentes cando oíu aquela horrible palabra, "mira", que delataba o feito de que a loucura aínda non o abandonara.

"Alí! Aquel trono!"

"Que é?"

"Unha enxurrada de penedos corren montaña abaixo, polos prados, e iso é só o comezo. Míraos. Escoita dalgún modo o tropelear e o tropezar duns cos outros! Que é o que che parece que significan eses sons? Este e aquel? Son pedras! Están rebotando e a roulón polos prados abaixo para o lago e a auga está rebordando e elevándose cara ás casas. Ven, meu amor, ven! Non preguntes, ven!"

Por un momento quedou dubidando. Presentíase unha ameaza arrepiante na tronada de sons que enchían o aire. E daquela, abrazouse a el. "Teño medo", dixo.

Atraeuna cara a si e coa forza renovada comezou a escalar, guiando os pés de Medina-saroté. O seu sangue manchaba a súa cara pero non había tempo para remedialo. Ó primeiro colgábase del pero entón, percibindo o cansazo que causaba, axudouno e apoiouno. Sotelaba e asemade obedecía.

Concentrouse primeiro en conseguir aquel distante andel, mais agora que tivera que facer un alto para respirar, viuse libre para mirar atrás e ver o que estaba a suceder no val.

Viu que o pé da montaña se escorregaba para dentro do lago, facendo desbordar as augas cara ás casas máis remotas, e que a avalancha de rochas era agora máis rápida e máis grande. Abalanzábanse saltando e rebotando sobre o chan cunha terrorífica suxestión no seu movemento, coma se fosen cazando vítimas. Esmagaban árbores e arbustos, demolendo muros e edificios, pero á parte principal da arrepiante montaña, privada agora dos seus alicerces, aínda non lle chegara o momento e estaba aínda por caer. Esfarelábbase mentres se viña abaixo. E agora unhas pequenas figuras saían das casas e corrían dun lado para outro... Por primeira vez, Núñez estaba contento de que Medina-saroté fose cega.

"Escala, meu amor!" dixo. "Escala".

"Non entendo".

"Escala".

Un rabaño de llamas pasaron aterrorizadas por onda eles.

"É tan custo isto, tan custo. Por que veñen canda nós esas criaturas?"

"Porque entenden o que está pasando. Porque saben que estamos con elas. Empuxa polo medio delas, Medina-saroté. Gabea xa!"

Amosando a súa total resolución, aquela ladeira da montaña penduraba do val condenado. Durante uns intres de tensión Núñez non oíu nin un son. O seu enteiro ser estaba concentrado nos ollos. Daquela tivo lugar a caída e unha conmoción asombrosa que lle deu no peito un golpe xigantesco. Medina-saroté foi lanzada contra as rochas e agarrouse a elas coas mans coma se tivese poutas. Núñez tivo a impresión instantánea dun mar de rochas e terra con rebo de camiños e muros e casas, fluíndo nunha rápida corrente cara a el. Unha salseirada de auga levada polo vento mollouno lixeiramente. Víronse enzoufados de lama e anaquiños de rocha desfeita. A onda de rebo que avanzaba chegou e retrocedeu un pouco, e estancouse de maneira abrupta. Daquela, columnas de néboa e po eleváronse solemne e deliberadamente, instalándose como torres sobre as súas cabezas ata os deixaren sepultados. A poeira espallouse e enrolounos nun mesto neboeiro que producía proído. O silencio caeu de novo sobre o mundo e o Val dos Cegos desapareceu para sempre.

Pálidos ata os miolos das súas almas, os dous sobreviventes escalaron pouco a pouco a cristalina cima e ó chegaren a ela tombáronse.

Cando, despois de máis ou menos unha hora, aquel manto arremuiñado de néboa e po se volveu máis tenue e eles ousaron moverse e planear o que ían facer a seguir, Núñez conseguiu enxergar a través dunha físgoa, por entre un ermo de rocha esboroadada e desfeita e unha fenda na montaña partida en forma de uve, as masas chas e verdes das abas das montañas. E máis aló, aínda máis ó lonxe, logrou por un momento albiscar o brillante océano.

Dous días máis tarde, dous cazadores que viñeran explorar a escena do desastre atopárono a el e a Medina-saroté. Tentaban descender ó mundo exterior e estaban ó borde do total esgotamento. Viviran de auga, de raíces de fieitos e dunhas cantas bagas. Cando os cazadores chamaron por eles, colapsaron por completo.

Viviron para contar o seu conto, e fincaron en Quito, entre a xente de Núñez. Núñez aínda hoxe vive alí. É un próspero comerciante, e dito de maneira sinxela, un home honrado. Ela é unha muller tenra e educada. O seu traballo cos cestos e cos bordados son marabillosos, aínda que dende logo non faga uso das cores. Fala español cun acento anticuado moi agradable ó oído.

Certamente ousados, coido eu, tiveron catro nenos que son tan fortes e rexos coma o seu pai e poden ver.

El conta a súa experiencia cando está de humor pero ela fala pouco. Un día, non obstante, cando estaba sentada coa miña muller, mentres eu e Núñez estabamos noutro lado, contoulle unhas poucas cousas da súa nenez no val e da fe e da felicidade con que se criara. Falaba disto con manifesta morriña. Fora unha vida de amables rutinas, libre de todas as complicacións.

Dito simplemente, amaba os seus nenos, mais era evidente que os atopaba a eles e boa parte das súas idas e vindas ó redor dela difíciles de entender. Nunca os daría amado nin os lograría protexer como unha vez amara e protexera a Núñez.

A miña muller aventurouse a preguntar algo que sempre quixera saber. "Ti nunca consultaches oculistas," comezou.

"Nunca," dixo Medina-saroté. "Eu nunca quixen ver".

"Pero a cor -e a forma e a distancia!"

"De nada me serven as vosas cores e as vosas estrelas," dixo Medina-saroté. "Non quero perder a miña fe na Sabedoría Suprema."

"Mais, despois de todo o que sucedeu! Non queres ver a Núñez? Ver como é?"

"Eu sei como é, e velo podería separarnos. El non estaría tan cerca de min. O encanto do voso mundo é un complicado e terrible engado, e o meu é máis simple e máis próximo. Prefiro que Núñez vexa por min -porque el non coñece o que é o medo."

"Pero a beleza!" replicou a miña muller.

"Pode que ver sexa fermoso," dixo Medina-saroté, "pero debe de ser tamén moi terrible."